

# REXURDIMENTO

2.<sup>a</sup> ÉPOCA

ORGAO DA I. N. G.

1923

## AGARIMOS QUE MATAN

**E** tanto o que se nos quere aos galegos por parte do Estado hespañol; son tantas as probas dadas a cotío de tal agarimo e da protección especial que do mesmo derivanse, que non podemos resistire ao desexo de amostrear aos lectores unhas cantas atopadas ao achar.

Non hai nin unha soia rexión das varias que que compoñen a Hespaña que non disfroute de algunha protección arancelaria pra os productos da sua agricultura ou da sua industria peculiares. Soio a Galiza a nosa Galiza non soio non conta con ningún xénero de protección sinon que, pra colmo ten que vencere innúmeras dificultades que o Estado hespañol lle opon ao natural e ceibe desenvolvemento das suas riquezas naturais

De todas as terras que fan o Estado hespañol é a Galiza, sendo unha das mais ricas e das meirandes e poboadas, a que menos kilómetros de vía férrea ten, até o punto de resultare irrisorio o número eisistente. E si non ollese a conta que sigue, tomada de unha memoria da Compañía xeneral dos ferrocarris da Galiza: Pra 29.153 kilómetros cuadrados de superficie e 2.063.589 habitantes resulta que non-os corresponden mais que 2.364 kilómetros por cada 10.000 habitantes, cando o promedio de Hespaña é de 3.315 e 8.370 e n-algunhas rexións de 4.143 e 9.420 respectivamente

A Galiza proporcionalmente á sua numerosa poboación é a terra da Hespaña que menos escolas oficiaes tén.—Téñase en conta que si apuntamos iste dato e mais pol-o que dí con referencia á desigualdade no trato que pol-o que íl en si mesmo é, xa que as escolas oficiaes ben se sabe como son e pra o que valen—as escolas decentes ou meio decentes que na Galiza hai son de fundación particular.

Por contribución territorial paga a nosa terra ao Estado mais que ningunha rexión hespañola, e sómentes, (conste qu'empregamos verbis de D. Rodrigo Sanz n-un lumioso estudo seu encol do caso) «pol-o dreito, pol-a posibilidade de poder comer pan de maiz ou de centeo a diario paga o pobo galego, os nosos labregos, unhos *catro millóns de pesos* ao ano.» E todo pol-os fortes dereitos de aduanas esta-

belescidos pra que os nosos paisanos non poidan importaren facilmente do estrañeiro os graus necesarios pra o bon desenrolo das nosas industrias gandeiras, e teñen, en troques que mercalos eiqui, na peunsa, ao prezo que os acaparadores, trigueiros e agricultores das terras casteláns queiran fixarlle.

Fai ainda pouco tempo que a Universidade hespañola que menos subveuición recibía do Estado era a galega—son datos tomados de un traballo xornalístico de Fernández Flórez—até o punto de que a de Valladolid con menos facultades cobraba mais—unhas 15.000 pesetas e Santiago sómentes 12.000—O Estado subvenciona á Universidade compostelana pra que atenda aos gastos de malados acollidos no Hospital Clínico con 10.000 ptas., cando a Universidade que menos percibe pol-o mesmo concepto son 50.000 pesetas, e algunha como a de Madrid 400.000 ptas.

As mostras de agarimo poideran ainda continuárense insertando, mais non-o faguemos porqu'estonces viriamos a alongar iste traballo n-unhas proporcións que non-os compre por falla d'espazo e necesidá de íl pra outros temas. Con todo, non quereamos findar sin adicarlle unha pequena lembranza ao trato *fraternal* con que decote nos distinguiron os hespaños en xeneral, eis-cención feita dos cataláns, e que tan craramente

aparece reflexado nas p-xinas dos mais escolleitos esquiretores da Hespaña, como o Cervantes, e o Lope de Vega por non citare mais dos crásicos; e, entre os modernos, nas páxinas do Palacto Valdés, do Pérez de Ayala, do Baroja e de moitísimos mais que puideran citárense.

O aludido trato *fraternal* tén a sua eisteriorización axeitada na infundabel colección de aldaxes, inxustizas, caloñas e alcumes que dende o século xv s'embarcou pol-os casteláns encol da Galiza e do noso bon nome, até o punto de que, como todos saben, chamarlle a un *gallego* en terras de Castela, e cicais ainda sexa, viñese sendo o mesmo, cáseque, que aplicarlle o pior insulto... Mais tampouco hay qu'esquencere que os gálegos sin nai, escravos, despreciábeis, negadores da sua nacionalidade tamén son numerosos, e iste feito por si soio dí de abondo.

Xa pasaron as eleucións de deputados. Foron como de cote, un noxo, unha porcallada. Sintímol-a derrota de Basilio Alvarez n'Qurense porque eisi o bugallalismo ha seguir asoballante. Sintímol-a de Portela en Tuy, porque o Ordoñez é un cuncero despreciábre. Sintímol-a de Espiño en Vigo, porque Gasset é unha vergoña que teña actas na Galiza.

O demáis, tanto monta. Os derrotados eran do mesmo pelaxe que os trunfantes. ¿Paramés ou Reino Camaño? Boh... ¿O-Schea ou Toledano? Boh... ¿Viceuti ou Emiliano? Boh... ¿Viondi ou Riestra? Boh... ¿García Ramos, do bufete de Gullón, ou García Durán da grea bugallalista? Boh... E eisi sucesivamente... Uns e outros pertencen ós partidos políticos centralistas. Todos teñen que defenderen os intreses dos seus xefes sempre contrapostos c'ós da nosa Terra.

Pro inda que Basilio, Portela e Espiño trunfasen, axiña decataríanse de que no Parlamento hespañol nada poderían faguere. O Portela trunfante en Fonsagrada demostrarlle isto ó Portela derrotado en Tuy.

Galiza non logrará impór a sua vontade, namentras non afonde na sua concencia, e namentras perdure encadeada ó Estado hespañol como está hoxe.

Escrava do réxim castelán, sempre sufrirá o castigo de que os lobos das suas montañas—asegún lles aconteceu ós do escudo de Chantada—acaben por se trocaren en carneiros.

# Agora os politiqueiros do agrarismo non se lembran dos agrarios.

Outra vez, coma de cete, volve a estar a vida do campo galego amenazada pol-o Goberno central. O noso gando que xa viña sufrindo gran depreciación, efecto da careza do millo e demais alimentos que chegan a maus dos labregos, que impide ofrecelo a prezo baixo nas feiras, agora, autorizada a importación de carnes conxeadas e en vías de se autorizal-a do gando de Holanda, Yugoslavia, zona francesa de Marrocos e Suiza, non terá saída algunha. Pecharánselle todolos mercados, incluso o de Barcelona, con *permiso* do gallego Emiliano, de quen ó respentive d'isto e d'outras cousas moito cabería falar pra ensiño dos parvos que inda crén no seu galeguismo.

O problema capital da nosa terra é o da libre introdución n'ela, con carauter permanente do millo, das tortas forraxeiras, farelos, centeio e demais alimentos percisos prá boa e barata mantenza do gando. Mentres isto se non consiga, as nosas industrias gandeiras, non poderán dasenvolvérense de xeito europeo, e pol-o mesmo loitarán sempre n'unha triste inferioridade coas do estranxeiro. Seremos vítimas eternas dos señores feúdaes cerealistas de Castela, a que nes protexen tódol-os políticos, pro especialmente Gasset, que caciquea na Galiza, pra a nosa vergonza, e Alba, que tamén comeza a caciqueare. Pois con isto, a falla de protección ás nosas industrias conserveiras de peixe, o imposto da fame que nos obriga a darlle catro millóns de pesos o ano, pol-o dreito a comermos pan, según ten probado Rodrigo Sanz, ás xentes do centro e a suba do 25 por 100 na contribución territorial aprobada na derradeira lei de presupostos, Galiza ficará conversa n'unha terra de escravos onde a emigración que rouba os corpos e rouba as almas apareza coma o único camiño redentor...

E eisi ¿é posible que a cidadanía xurda? ¿Eisi pódese culpar ós labregos de que non voten ou voten a quen lles mande o que *manda*? A prosperidade económica constitúe a base de toda liberdá. Non frolee a liberdade onde non hai riqueza. Quen ten a chave dos estomagos ten a das concencias. E o probe labrego galego áchase acostumado a que o sirvan, inda no que é de lei e de xustiza, a forza d'*untal-o cirro*. Facédelo, senon, o mais pequeno favor n'unha cousa de dreito—que ista paradoxa resulta realidá na Hespaña—e veredes coma él coida obriga regalarvos... O que os nosos labregos teñen que dar ó cabo do ano pra que

os sirvan en cosas xustas, de carácter gratuito, supónlle un imposto considerable que percisase engadir ós impostos forzosos da lei

O conto é que Galiza vive n'unha rexa escravitude económica e moral, superior á de calquer colonia de negros estranxeira. O conto é que o noso país que n'un réxime de libre cámbio sería un dos mais ricos d'Europa, hoxe resulta o mais asoballado, o *único completamente asoballado* da Hespaña.

Pois encol d'isto non fan apostolado os señoritos politiqueiros que no vispora d'eleucións van ó campo a predicaren. Pasou a farsa eleitoral e voltaron unhos pra as vilas galegas e outros pra Madri a facel-a sua vida de sempre e a gastal-os azos, se cadra, na disputa de si a acta de Don Fulano ou Don Zutano foi limpa ou porca. Pro agora que a riqueza do campo áchase amenazada de morte, ¿quen dos candidatos d'onte que se dicían acesos en santo amor á Terra vai á aldea a berrar en mitís coma no vispora das eleucións?

Agora, o que mais, aconsellaralles ás Sociedades agrarias que manden telegramas de protesta ós ministerios. Como si isto sirvise d'algo. Coma si en Madri fíxesen caso d'algo que non supoña unha forza d'opinión disposta a todo. Inda que tuvésemos deputados enxebres e de boa vontade, o problema non sería resolto si a masa non fora conscente. Porque Cataluña, verbigracia, seguirá conseguindo canto lle viñera en ganas o mesmo con deputados que sen eles, ou cecais millor sen deputados. E tende en conta que si o dos foros, plataforma pra moitos, é un mal que crama ó ceo, o da escravitude económica que nos impón o Estado por mor de que sexan protexidas as industrias das mais terras da Hespaña—carbós d'Asturias, ferros de Bilbao, panos de Cataluña, trigos de Castela, etc.—resulta un foro inomiñoso, cen veces pior que os outros.

E eu digovos—xa o teño dito en moitas ocasións—que supoñades derrubadal-as fronteiras arancelarias hespañolas: entón somentes unha terra, entre cáseque tod-l-as peninsulares, comenzaría a progresare de súpeto; a nosa terra, a terra galega. A maoría das outras ficarían conversas en cimenterios deica que, pasados algúns anos, *européizasen* a sua vida

Veleiqui o problema trascendente da Galiza.

A. VILLAR PONTE.

---

REXURDIMENTO dase gratis a quen o solicite na Terra e fora d'ela.  
Administración de REXURDIMENTO, Praza dos Irmaos García Naveira, 22, BETANZOS.

## REALIDADE, ISPIDA REALIDADE

A Galiza conta hoxe, como contou decote, con un fato de homes nados n-ila e chegados ás outuras do Poder e da influencia política, como non ten ningunha outra terra das que constituíen o Estado hespañol.

A Galiza, ademais, antre os seus deputados e senadores pode presentarse un respetabel número de mangoneadores da cousa noxenta que se chama política hespañola, e pol-o mesmo de grandes dispensadores de mercedes e privilexios a costa do erario público, ou sexa da bulra feita cós sagrefizos e suor de todos.

Na Galiza teñen afinamento, raigame, xeito de zugare, verdadeira base as oligarquías que representan os Bugallal, Gasset, García Prieto, Vigure, Espada, Urzaiz, Figueroa, Ordóñez, Wais e outros moitos peixes de maior ou menor cuantía.

Emporiso, a Galiza ten pranteados graves problemas de resolución urxentísima, tal o dos foros, o das comunicacións ferroviarias, o do mainzo, etc. que levan agardando anos e anos por que alguén os resolva dando eisi fin a unha situación anormal e ateigada de graves continxenzas. Mail-o home ou goberno que ten de resolvere non aparece por ningures, sen que por iso os homes e os gobernos eisistentes deixen de negociaren e fagueren almoeda cós mais sagros e mais respetábeis intreses galegos, sempre en beneficio das suas mais inconfesábeis e privadas comenanzas ou dos intreses i-eisixenzas de outras terras mais afortunadas

e merecedoras de consideración e trato serio.

Antre tanto Cataluña, a nazonalidade rebelde, a terra cercana á redención de alleas hexemonías, a liberada xa d'eistranas infruenzas, sen coutare antre os seus persoeiros parlamentarios e antre os seus homes políticos con mangoneadores ou persoaxes do xeito dos que teñen asoballada á Galizá, consegue todo o que quer...

En Cataluña fai tempo que s'esqueceron as cortes-peticións, as disgreas e ben fundamentadas solicitudes, as sensatas, mesuradas e moi prudentes demandas de protección e de xustiza; antramentras que na Galiza a cordura, a sensatez, a prudencia, a respetuosidade e demáis zarandaxas que no fondo non son mais que cobardía, humillación e ausencia de cidadanía e dignidade persoal e colectiva, siguen aínda impóndose como normas esenciaes pr'as relacións con un Estado ou os seus persoeiros que de nós teñen formado o aldraxante concepto que merecemos: o d'es-cravos e acreedores á tralla.

Ista é a realidade crara e terminante. Encol de illa deben meditarán día tras día todol-os galegos que se coidan xente. E dimpois, trail-a axeitada meditación, ¿quén sabe o que pode agardárese? Como ninguén iñora, da xenreira e de carraxe axuntadas saíron en mais de unho vegada solucións radicaes, brutalmente fortes, pro tamén ausolutamente salvadoras.

RAMÓN VILLAR PONTE.

## A R A Z A

Cando dous individuos falan ou fican a faguer algo de conxunto e un dos dous reconhece a imposibilidade de un acordo inda lle queda a boa cousa de lle dezer ó outro: «Boeno, senhor, nos non nos entendemos». E con moito boas maneiras a cousa fica là; o que seja mais agudo o que conheça millor o mundo e o que tenha mais miolo ó demostrará ó fin.

Mais na vida dos povos coma vostedes poden vere non ocorre eisi, pois inda que a libertade d'istes a se rejer por si mesmos é un principio universalmentes aqeptado, na practica a cousa varia moito. A Galliza se lle di por eixemplo que é filha de Castela; e coma non seja filha adoptiva eu non sei de onde lle pode vire á Nosa Terra o parentesco tan íntimo co a que mais que mae e madrastra nosa: a Castela odiada.

Non sei si eu ficarei a me trabucare, mais coido que ista é esencialmentes una cuestión de raza. Porque presqindindo ja do diferente absolutamentes diferen-

te origen da nosa indiscutible raigambre gelta que forma —si mezcados con alguén cas razas tamen loiras germanas do Norte—o fondo da Nosa Raza, as diferenzas prácticas actuas que nos arredan dos meridionaes e centro-hespanhoes son eisi grandes d'abondo pra que non se poidan ocultare nin menos ainda desconhecer; e dendtas profundidades da anima que ten d'estudiar a Criminologia deica os mais pro-saicos actuaes problemas do dinheiro que tenhen de resolvere as institucións d'Aforro, ninguma ley éu sustiqa pode sere parella na Nosa Terra e n'esa Castela, irmán, según umos, mae, según outros, que n'isto non fican indo d'acordo os escritores da estepa gental, pensadores estilo A B C, sevilás-madrilenhistas.

Eu coido que n'ista situaçon actual *non nos entendemos*.

J. DA P.

## XA SON CONOCIDOS

Rexionalistas de muíneira e riveirana, de caldo de grelos, de monteira, de mantelo e de ¡¡El carballeira! son os que a moda política trai e espalla por Galicia adiante nos días persentes. As suas pretensións non poden, pol-o mesmo, ser outras que as de se desquitaren con tan cativos vestidos, gorros frixios, morrións liberaes e levitas conservadoras.

O conto pra eles é bulir, e choutar e faguerse vere.

O mesmo lles da mostrárense c'un indumento que con outro, porque coidan que todos lles acaen ben. Como poidan ter unha plataforma onde as suas habilidades de pallazos se luzan, satisfeitos. Con iso e con ceibaren parlamentos que eran novos nos tempos de Brañas e que agora xa soan a vello, inda que a eles parézaulles o derradeiro berro da moda, coidan que engañan a alguén.

¡Malpocados, e que lonxe se achán da sua terra, vivindo n'ela!

Rexionalistas e agrarios de novo rubro, e de circunstancias. xurdeo agora a cotío. Pro compre perguntarlles: ¿Qué representan? ¿Qué son? ¿Qué pretenden?

Inda que conezamos que son afiliados ós vellos partidos históricos que andan bisbiseando n'unha idea xa morta nos cerebros mozos, pra cazaren parvos.

LUSTRES RIVAS.

## RIMA

de noite e de cidade antiga.

O silencio d'as pedras  
entrevadas e podres

Hai uns pasos que pasan  
pra que n-a noite pesen

Pol-a gracia de Deus  
ti e mais Eu non somos dous

E d'o reloxe baixe  
un cabiloso beixo

(o reloxe da torre  
que a noite desenterra)

unxido

dondo

pedras

entrevadas

tristes

podres.

MANOEL ANTONIO.

## Home, "El Sol" dou no cravo.

«El Sol» de Madri, bulra bulrando, dóulles unha leición ós socios do «Centro de Galicia» da corte que pasándose de vivos pra se tornaren inxenuos, pidiron a Romanones que fixese a Doval ministro de Gracia... ou Alcalde da vila do oso.

Di «El Sol» que pra aspirar a cárregos políticos hai que chamarse hespañoes e non galegos.

C'o que unha vez mais fica probado que tódolos galegos que desempeñan cárregos políticos relacionados c'os Gobiernos da Meseta són dinisimos hespañoes e ruiños galegos; galegos de partida de bautismo, cuio intrés por Galiza somentes se reduce a considerarla terreaxeito pra buscaren actas eleutoraes.

Pol o demáis, «El Sol» é cruel c'o Doval sen dúbida, porque iñora que aquel bó señor foi un día istado coma can galego por Romanones, no Congreso, pra que Galiza aparecese nemiga das arelas de liberdade de Cataluña cando Cambó pranteaba o pleito xusto da sua terra nas Cortes.

E o mesmo "Sol" iñora coma nas derradeiras eleucións Doval tivo a virtude de trocar en carneiros os lobos do escudo de Chantada pra podere él de novo servir a Romanones e servírese a si mesmo tamén.

Os socios do «Centro de Galicia» de Madri, xa se ve, con Doval de ministro ou alcalde cortesan, poderían ter choyos.

E o galegismo pra eles é iso...

X.

**SARNA**  
(SIN BAÑO)

—¡Ay canto me pica a sarna  
Inés do meu corazón.  
—Eso cúrase, ten calma:  
merca **ESTEAGENOL LAFONT.**

E o remedio soberano pra combatir o «Sarcoptes». Sólido. Olor grato. 1'50 ptas. en todas as Farmacias e Droguerías d'Hespaña e Norte d'África, e na Farmacia da Vda. Lafont, Cantón Grande, 39. BETANZOS.

## Sonetos galegos de Gonzalo López Abente

### UN MAL PENSAMENTO

Soña no azul a pálida enmeigada  
señora das nouturnias aventuras;  
a prata do seu rir chega as fonduras  
das entranas da terra adormichada.

As tellas da cibdá co-a sua ollada  
relocen como vidros, e as escuras  
chimeneias, erguéndose ás outuras,  
son os guerreiros da outra edá pasada.

Aló en-riba, moi outo, un pensamento  
cativo forxa unha cabeza tola  
sobre d'un teito de apartada rúa.

Entón resóa fungador o vento  
que a unha sombra negreira no ár arrola,  
e n-ela envolta palidece a lúa.

### O PELENGRINO

Na derradeira volta da calzada  
pedregullenta asoma un pelengrino;  
nos seixos vai marcando o seu destino  
unha dorosa estela sanguentada.

Pousa no adral a sua triste ollada  
i-escoita coma un cántico divino  
a voz de ferro que debulla un trino  
dendes da torre ao ceu endereitada.

Ceiba a guedella, inmoble, silencioso,  
unha oración marmula c'o armoñoso  
son que s'arrinca ás cordas do salterio

e ao pe da parda mole da outa igrexa  
rebríncalle no rosto fonda envexa  
dos que dormen na paz do cimiterio.

(Do libro a sair D'OUTONO).

---

## D'INTERÉS PRA TODOL-OS GALEGOS

En ningunha vila galega debe deixar de habere unha representación da I. N. G. Cobizamos ter representantes en total-os pobos da nosa Terra. Quen seipa de un simpatizante co'a santa causa da redenzón pátria onde queira que seña facerá un servizo nunca d'abondo agradecido, aconsellandolle que se dirixa a nós pra formar nas nosas filas.

Quen queira que se afilie, teña a seguranza de que se por circunstancias da sua vida non pode siñificarse públicamente, a organización admirabre i-exemprar da I. N. G. gardarálle o segredo e emprestaralle apoio en cousas xustas si algunha vez o percisa.

A I. N. G. é un organismo no que figuran os

millores pensadores e artistas da nosa Terra. É unha verdadeira relixion de homes honrados, limpos de toda cubiza persoal. É unha institución modelo. O mais serio e trascendental que endexamais se fixo na Galiza.

Non será bó galego nin cidadán consciente que non veña a nós.

Cando non haxa unha soila vila galega nin aldeia sin representacion da I. N. G., ista terá a forza percisa pra facer da Galiza a dina patria dos nosos fillos. Hai un probrema galego previo: o da nosa dinidade. Por ter resolto Cataluña iste probrema previo, vai camiño de resolvere todol-os outros.

¿QUÉREN FACER ECONOMÍAS?  
MERQUE NA CASA

## ABARRÁTEGUI-BONOME

Pañería, Lanería, Pañolería, Paquetería, Camisería, Lencería e demais tecidos.

Sánchez Bregua, 3 (Soportás d'a Praza)



## ZAPATERIA DO CANTON

A que máis surtido ten.  
A que máis barato vende.  
Compre vostede alí.

## H. COMERCIO

*Ramón G. Pernas*

(SUCEADOR DE JOHAN LOPES)

Praza d'Arines.—BETANZOS Teléfono núm. 18

É a mallor, máis céntrica e-económica da cidade.  
Visítana os señores viaxeiros e convenceránses

## CHAMPÁN "GALICIA"

DA RAMALLOSA (VIGO)

Pódese pôr en competencia  
co'as milloras marcas extranxeiras.

## PAQUETERÍA-QUINCALLA

## El Gato Negro

PRECIO FIXO

## JOSE IGLESIAS MASDIAS

MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA

Praza da Constitución, 2.

## FERRETERÍA

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en bateiría de cociña.

Non merquedes denantes de visitar esta casa.

Ferreiros. 19.—BETANZOS.

Si queredes mercar barato visitade o novo  
establecemento de

PANOS, TECIDOS E NOVEDADES

## R. MONTES

Quatruvesa, 2, esquina ós Prateiros, — BETANZOS

PRECIOS FIXOS

## CONFITERÍA

— DE —

## Constantino Rabade

SOPORTÁS DO CAMPO

Dulces finos. Fanse toda crás d'encárragos.

## H. LA CORUNESA

ESMERO I-ECONOMÍA

Valdoncel, 18, BETANZOS

## LA MODERNA

GRAN FÁBRICA DE GASEOSAS  
E AUGAS DE SELTZ

ELABORACIÓN ESMERADA e HIGIÉNICA  
PRECIOS SIN COMPETENCIA

*Manuel V. Gómez*

CASCAS.—BETANZOS.

## BAR "ROMA"

Riestra, 16.—PONTEVEDRA

O mais visitado pol-os pontevedreses.

## SOBRINOS DE JOSE PASTOR

BANQUEIROS

A CORUÑA, VIGO, LUGO, OURENSE, VIVERO

Realizan toda crás d'operaciós de Banca e Cambio.

## BALNEARIO DE MONDARIZ

As milloras augas minero-medicinás bicarbonatado-sódicas da Península.

FILLOS DE PEÑADOR, propietarios.

## MOVIMENTO NAZONALISTA

### GALEGO

O Nazonalismo quer reivindicar a personalidade e os dereitos da Nazón Galega en todos os ordes. Iste movemento naceu a mediados do século pasado, na era dita dos Precursores, dos que o mais ilustre foi Rosalía de Castro; foi reducido a corpo de doutriña en 1880 por Alfredo Brañas, e orgaizado en forma militante en 1916 coa fundación da primeira Irmandade. A primeira Asambleira nazonalista galega foi a de Lugo o ano 1918, na que s'estabeleceu o programa mínimo do Nazonalismo galego. Na IV Asambleira nazonalista, tida en Monforte de Lemos o ano de 1922, ficou fundada a Irmandade Nazonalista Galega.

A Irmandade Nazonalista Galega ten por fin a formación d'unha forte conciencia nacional galega que nos enxebrice totalmente e que nos leve a conquistar a autonomía integral da Galiza e o mais outo grado de progreso moral e material pra Ela.

A Irmandade Nazonalista Galega ten por xefe un Conselleiro Supremo, asistido de catro Conselleiros e un Segretario Xeneral.

Ten Delegacións na Cruña, Ferrol, Ourense, Santiago, Betanzos, Monforte, Viveiro, Vigo e Bayona, en Madri e mais na Habana.

O seu orgao oficial é o REXURDIMENTO, que se publica en Betanzos. Algús elementos d'ela publican en Ourense o boletín de cultura galega NOS e a publicación literaria CELTIGA no Ferrol.

Quen desexe informació tocantes á I. N. G. e ó movemento nazonalista galego, pódese dirixir:

- Na CRUÑA a José Calviño, Orzán 33.
- No FERROL a Jaime Quintanilla, médico, Rúa de Dolores.
- En OURENSE a Alfonso V. Monjardín, Progreso, 23.
- En SANTIAGO a Victoriano Taibo,
- En BETANZOS a Paulino Naveira, Pardiñas, 4.
- En Argentina, a José Ares Miramontes, en Rosario de Santa Fé,
- En MONFORTE a Bernet Fonten'a, notario
- En VIGO a Valentín Paz Andrade, Avenida Montero.
- En BAYONA a José Rodríguez de Vicente, Urzáiz, 11,
- En MADRID a Lois Corton, Blasco de Garay, 50.
- Na HABANA a Manuel Blanco Pascual.
- En BOS AIRES a Ramiro Isla Couto, Rúa do Brasil, 1.084.
- En Muxía, a Gonzalo López Abente.
- En PONTEVEDRA a Castelao.
- En LUGO, Julio López, Abastecimiento d'Augas.
- En VIVEIRO, Ramón Villar Ponte.
- En LIVERPOOL, Joaquín Peña, 71 Belgrave Road.

Estos mesmos señores espallarán gratis exemplares de "Rexurdimento, a quen os solicite.

IMP. DE M. VILLUENDAS.—BETANZOS.

## SEIÇÃO OFICIAL

Comprimentando un dos acordos da V Asambleira da I. N. G., n'aqueles pobos onde houbo eleccións por se non ter aplicado o artigo 29, espalláronse unhas outavillas cuio testo era o seguinte:

«Eleutores: cada voto que dades ós vividores da política, é un ferrollo que apreta as vosas cadeas. Os deputados obedecen ós seus xefes de Madrid, e non a vós, que lles dades os votos. E alá enténdense ben antr'iles pra fagueren de vós mangas e capirotos. Cos vosos votos axudades á inxusticia e facendes duradeiro o voso asoballamento.»

Comprimentando outro acordo da mesma Asambleira, ándase espallando por toda Galiza un forte, rexo e razoado manifesto contra a farsa noxenta dos partidos políticos hespañoes,

Tamén anda a se espallare pol-as sociedades agrarias galegas o cuestionario c'os puntos, craros e concretos, do nazonalismo, pra que aquelas o examinen ben e logo digan cales aceutan e cales poderían serviren de vencello pra un programa d'aucción común.

Igoalmente trabállase na orgaización nova da I. N. G. con método e tenacidade.

As Delegacións xa existentes da I. N. G., poden engadirse as de Muxía, Estrada, Villagarcía e Allariz. Outras haberán de ser constituir en curto prazo.

Recoméndase a todos os irmáns a lectura da novela mensual «Céltiga», do Ferrol, e da revista NOS, de Ourense. Axudálas, e axudar ó progreso da cultura pátria.

## “HIJOS DE A. NUÑEZ”

CASA FUNDADA EN 1871.

Almacén de tecidos e mobles

Sánchez Bregua, 2 e 13

≡ BANCA ≡

Compra-venda de valores, xiros, órdes telegráficas e toda crás d'operaciones bancarias.

**NOS** BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALLEGA

Ademítense suscripcións n'esta redación.

# REXURDIMENTO

2.<sup>a</sup> ÉPOCA

ORGAO DA I. N. G.

1923

## PRA OS GALEGOS

Din que España é unha nación, e non é certo. España é un feixe de nacións, y en querer telas suxetas e atadas co sedeno d-unhas mesmas leises e un mesmo goberno está o orixen e a causa de todol-os seus males.

\*\*\*

Así como se non pode cultivar d-un xeito o millo e o centeo, nin dar as mesmas labores un patacal ea unha viña, non se debeu de gobernar c-un soilo goberno países tan distintos como Galicia e Castela ou como Vasconia e Andalucía. A natureza que establece diferencias no chan e na lingua, na raza e nos costumes marcou co seu selo os pobos que soilo se poden dirixir por si mesmos. E dirixilos dende fora é ir contra da natureza, e querer morrer.

\*\*\*

E ahí está a cuestión dos foros pra me non deixar mentir. Esta cuestión pranteada fai moitos anos agudizada no presente, co apoio unánime de todol-os galegos que se teñen prenucciado n-un senso abolicionista, aínda non ten unha solución legal, en consonancia cos desexos da mor e da millor parte da Galicia. E de elo ten tanta culpa como a oposición dos donos dos foros, a incompreensión dos políticos de Madrid que non sinten nin poden sentir o latexar d'un pobo que vive distante n'iste currancho do mundo tan belo, tan honrado e por eles tan desprezado.

Si a cuestión foral en vez de ter que se resolver en Madrid tivera que se resolver aquí na terra, baixo a mirada y a mau dos gallegos, xa fai moito tempo que estaría resolta, porqu aquí á veira do mesmo problema os berros de xusticia terian que ser oídos, pero Madrid está tan lonxe que chegan aló coma unha zunida distante y apagada.

\*\*\*

Eu vin n-unha ocasión os criados dos caciques que formaban a Xunta do censo facer xusticia n-unha porfia eleitoral, e foi porqu-o pobo enteiro posto en pe miroulles pra cara e tiveron medo. Pero despois en Madrid a xusticia defixose. Y e que o pobo non pudo ir aló a se encerrar cos bulradores da sua vontade.

\*\*\*

Galegos: si queredes ter paz, si queredes ter xusticia na vosa nación ó mesmo tempo que pedides qu-a terra que regades co voso suor sea vosa, pedide tamen que sea pra vos a outra Terra, a grande, a que se estende por serras e seares, a bicada pol-o mar, a coroada pol-as nubes, a Santa Terra Galega que soilo os gallegos temos dereito a gobernar e a dirixir.

\*\*\*

Seguramente ningún dos que me leedes seriades capaces de tirar con desprezo da vosa casa calquer ouxeto que houbera estimado moito unha presoa raro, precuáriades con-querida por vos. Pol-o cont

servalo e gardalo coma un recordo d'aquil ser desaparecido. Pois ben, o idioma, o noso idioma gallego, é algo que tanto estimaron os nosos devanceiros que por espacio de moitos séculos conservárono y empregárono de contiuno. N-il espresaron as suas ledicias, n-il xemeron as suas doores, n-il dixeron os seus queres e co il arrolaron os nosos berces. E vos gallegos que me leedes, ¿seredes capaces d esquecer a vosa lingua a lingua que falaron os vosos pais? ¿seriades capaces de desprezar e abandonar esa sagrada herencia conservada a través dos séculos pol-os vosos maiores?

\*\*\*

E sinal de civilización o precurar que se non perdan os usos e costumes que dan caranther propio a un país. Os pobos mais adiantados, aquiles que marchan os primeiros pol-o camiño do progreso human distínguese por ise amor, por ise culto cara as cousas que sou suas. Nas duas nacións mais ricas e progresivas de España, na Cataluña e na Vasconia, a xente fala e pensa en catalán ou en vascuence, e hastra construye os seus edificios nos estilos de cada país. E moitos de vos, gallegos que me leedes pode que creades que é unha proba de cultura o falar en castelán, e moitos dos que volven da América pensan que locen millor a sabiduría adquirida nas terras de alen mar finxindo que esqueceron o idioma dos seus pais, e hastra hay xentes tan imbéciles e tan parbas que lles falan ós fillos en castelán pra que non deprendan o idioma da sua patria.

\*\*\*

E si que lle temos motivos os gallegos pra lle estarmos obrigados ó castelán.

O castelán é o idioma da dominanza; n-il garra-pátean os escribanos e os xueces, co il emborronan os caciques as suas arbitrariedades, co il escamotéase a vontade do pobo, n-il están escritos os recibos da contribución. E a lingua que falan os *señoritos bien* das vilas, inútil e iñorantes; é a lingua dos donos dos foros, a lingua dos empregados lambós. E a lingua de todo o que hay de ruín e de noxento na nosa terra.

\*\*\*

Galegos, o falar en castelán siñifica pra nós:

A perda d-una cousa nosa creada no tempo pol-os nosos pais e pol-a nosa terra pol-a sagrada colaboración da raza e do país.

E a mais grande proba de falta de valor e de virilidade, pois, falar en castelán, é pra nós, inclinar a testa ante os verdugos e lambar a mau que nos azouta.

Galegos: si sodes homes, si tendes vergonza e dinidade, falade sempre na nosa lingua, procurade que os vosos fillos deprendan non soilo a falala sinon tamén a escribila, tede a orgullo o falar diante de todo o mundo en gallego, que a mais de ser unha lingua fermosa, é Nosa, Nosa.